

VIII CARREIRA POPULAR NOCTURNA
XINZO DE LIMIA
16 DE XUÑO DE 2012
PROBA OFICIAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

A **VIII CARREIRA POPULAR NOCTURNA DE XINZO DE LIMIA** está organizada pola Concellería de Deportes de Xinzo e celebrarase o sábado día 16 de xuño de 2012.

REGULAMENTO:

1. A saída será:
 - a. Ás 20:15 H para a **carreira Benxamín-Alevín** (1.060 m) (2 voltas ó circuito pequeno)
 - b. Ás 20:40 H para a **carreira Infantil-Cadete** (1.590 m) (3 voltas ó circuito pequeno)
 - c. Ás 21:00 H para a **carreira Pitufos** (150 m) (1 volta á praza San Roque)
 - d. Ás 21:30 H para a **carreira Absoluta** (6.250 m) (2 voltas)
2. A saída e meta estará situada na Praza San Roque de Xinzo de Limia.
3. A clasificación será absoluta e por categorías.
4. A organización contará coa colaboración da Federación Galega de Atletismo e dos organismos municipais competentes que regularán o tráfico ó longo do percorrido.
5. O percorrido estará sinalizado cada kilómetro.
6. O control de chegada pechará unha hora despois de que entre o primeiro clasificado.
7. A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuices e Cronometradores da Federación Galega de Atletismo.
8. Non se autorizará a participación de atletas federados extranxeiros, agás os atletas de nacionalidade portuguesa.
9. Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.
10. A organización e as persoas que interveñen na mesma non se fan cargo dos danos morais ou materiais que a sí mesmos ou a outras persoas podan ocasionar os participantes.
11. Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.
12. As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. se son desestimadas por éste, poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60 euros ó xurado de apelación.
13. Os participantes, polo mero feito de tomar parte na proba, acatan o presente regulamento.

INSCRICIÓNS:

Recibiránse inscricións a partir do 4 de xuño.

As incricións para tódalas categorías son gratuitas e poderanse realizar ata o día 14 de xuño polos seguintes medios:

- ✓ No Pavillón de Deportes de Xinzo de Limia
- ✓ Na web: www.limiactiva.com (enchendo o formulario de inscrición)

A entrega dos dorsais efectuarase ata 30 minutos antes de cada proba.

**PECHARASE A INSCRICIÓN O XOVES DÍA 14 DE XUÑO AS 23:59 H.
A ORGANIZACIÓN SERÁ MOI RIGUROSA CO PECHE DO PERIODO DE
INSCRICIÓNS.**

CATEGORÍAS:

So se poderá participar na categoría que se corresponda co ano de nacemento.

	CATEGORÍA	HOMES	MULLERES	HORA DA SAÍDA	DIST.
A	BENXAMÍN	NADOS NO 2003 E 2004	NADAS NO 2003 E 2004	20:15 H	1.060 m.
B	ALEVÍN	NADOS NO 2001 E 2002	NADAS NO 2001 E 2002		
C	INFANTIL	NADOS NO 1999 E 2000	NADAS NO 1999 E 2000	20:40 H	1.590 m
D	CADETE	NADOS NO 1997 E 1998	NADAS NO 1997 E 1998		
E	PITUFOS	NADOS NO ANO 2005 ATA 2010	NADAS NO ANO 2005 ATA 2010	21:00 H	150 m
F	XUVENIL	NADOS NO 1995 E 1996	NADAS NO 1995 E 1996	21:30 H	6.250 m
G	IÚNIOR	NADOS NO 1993 E 1994	NADAS NO 1993 E 1994		
H	PROMESA	NADOS NO 1990, 1991 E 1992	NADAS NO 1990, 1991 E 1992		
I	SÉNIOR	DENDE 1989 ATA VETERÁNS	DENDE 1989 ATA VETERÁNS		
J	VETERÁNS +35	MAIORES DE 35 ANOS	MAIORES DE 35 ANOS		
K	VETERÁNS +40	MAIORES DE 40 ANOS	MAIORES DE 40 ANOS		
L	VETERÁNS +45	MAIORES DE 45 ANOS	MAIORES DE 45 ANOS		
M	VETERÁNS +50	MAIORES DE 50 ANOS	MAIORES DE 50 ANOS		
N	VETERÁNS +55	MAIORES DE 55 ANOS	MAIORES DE 55 ANOS		
Ñ	VETERÁNS +60	MAIORES DE 60 ANOS			
O	VETERÁNS +65	MAIORES DE 65 ANOS			

PREMIOS:

CATEGORÍAS	PREMIOS	
BENXAMÍN ALEVÍN INFANTIL CADETE	TROFEOS PARA OS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS E MEDALLAS PARA O 4º E 5º DE CADA CATEGORÍA.	
CARREIRA ABSOLUTA	1º CLAS. MASC: TROFEO 2º CLAS. MASC: TROFEO 3º CLAS. MASC: TROFEO	1º CLAS. FEM: TROFEO 2º CLAS. FEM: TROFEO 3º CLAS. FEM: TROFEO
XUVENIL IÚNIOR PROMESA SÉNIOR VETERÁNS +35 VETERÁNS +40 VETERÁNS +45 VETERÁNS +50 VETERÁNS +55 VETERÁNS +60 VETERÁNS +65	TROFEO PARA OS PRIMEIROS CLASIFICADOS DE CADA CATEGORÍA. (OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS EXCEPTO OS DOS ATLETAS LOCAIS)	
ATLETAS LOCAIS (Empadroados no Concello de Xinzo)	1º LOCAL MASC: TROFEO 2º LOCAL MASC: TROFEO 3º LOCAL MASC: TROFEO	1º LOCAL FEM: TROFEO 2º LOCAL FEM: TROFEO 3º LOCAL FEM: TROFEO
MAIOR IDADE	TROFEO	
MÁIS NOVO	TROFEO	

A entrega de trofeos está prevista para ás 22:40, non podendo delegar en ningunha outra persoa a recollida do premio.

Servicio de duchas no Pavillón de Deportes de Xinzo de Limia.